

WANG BING, CINEASTA

“Nos meus filmes traballo de xeito moi tradicional”

O cineasta chinés presentou en Barcelona unha nova curta, ‘Val feliz’ (Xi Yang Tang), por encomenda do Centre de Cultura Contemporània (CCCC) para o encontro Cineries.

POR RAMIRO LEDO INTÉRPRETE LI HONG FOTO TOMÁS MONTES

Estudou dous anos nunha escola de cinema...

Estudei primeiro fotografía na escola de Belas Artes, e cando rematei, quería continuar a miña formación para encamiñarme nunha profesión. Procuraba outras capacidades e escollín ser *cameraman*, fotógrafo de cinema. Na altura non sabía moi ben que facer e isto permitíame continuar no que me interesaba.

A súa maneira de traballar e a do director portugués Pedro Costa teñen algo en común entre si: o filme como un proceso continuo, o cineasta a tempo completo.

En 2002 estaba a presentar o meu filme *Ao oeste dos camiños de ferro* (Tiexi Qu) e fun a Lisboa. Aló din con Pedro Costa e dende aquela estamos en contacto. Polo que di do método de traballo, penso que hai unha relación entre os dous. Ten que ver coa produción independente, coa maneira de producir os filmes cada un. Os orzamentos están sempre moi axustados, cómprenos moito traballo antes de o filme estar rematado.

Pensa que é necesario partir dunha idea que preceda a rodaxe en por si, para que de aí vaia abrollando pouco e pouco a forma do filme? Sí que traballo así. Polo xeral, hai unha idea que precede antes de enfrontar un tema. Antes da rodaxe fago un enorme traballo de preparación: busco as localizacións, investigo e tento adaptarme psicolóxicamente, para que se produza un intercambio co tema a nivel de pensamento e de sentimentos.

Uns anos atrás tiña un proxecto de tres filmes diferentes ao redor de tres eixes: os obreiros, os intelectuais e o campesiñado. Segue niso? *Val feliz* quere pertencer ao terceiro tipo?

“A IDEA E O PENSAMENTO, CANDO XA FORON ESCRITOS, APARECEN MOITO MÁIS CLAROS”

“AO ESTAR OS ORZAMENTOS TAN AXUSTADOS, TEÑO QUE TRABALLAR MOITO NA PREPARACIÓN DOS MEUS FILMES”

En 2003, con *Ao oeste dos camiños de ferro*, Wang Bing (Shaanxi, 1967) marcou un punto e á parte no cinema documental. Preciou de catro anos para rematar os tres bloques do filme: “Ferruxe”, “Vestixios” e “Vías” duran catro, tres e dúas horas até facer nove. Bing percorre el só, coa cámara de vídeo dun amigo, o distrito de Tiexi, en Shenyang, para narrar o esborramento material e humano da que foi ameirando zona industrial de China. Premiado en multitude de festivais, fixo logo *He Fengmin* (2007), unha muller que “dialoga co seu pasado desde o presente” e colle polo traveso a historia chinesa dos últimos 70 anos durante tres horas; *Brutality Factory*, unha curta para o filme colectivo *O estado do mundo*; unha instalación de catorce horas, *Crude Oil* (2008), e está a rematar *Hometown*, o seu primeiro filme de ficción.

Sigo con iso na cabeza. En *Val feliz* traballo sobre o lugar no que viviu un escritor ao que lle tiña moito aprezo, que morreu hai sete anos e que deixou unha novela na que conta a súa vida cando el tiña trinta [*Shen shi* (A historia dos deuses), de Sun Shixiang]. É un moi bo libro, eu fun a esa aldea para lle render unha homenaxe. Vou incluír esa novela nalgún dos meus filmes, pero non sei aínda como. Téño sempre presente, pero non o dou concretado. *Val feliz* pódese entender como un ensaio, unha nota, xa que fun aló para tomar notas audiovisuais. Eses apuntamentos que vou recollendo sempre me serven para traballar a idea, como fonte de inspiración nun momento dado. Polo que respecta ao filme sobre os intelectuais, estou aínda a traballar con iso, conto rematalo en dous ou tres anos. Poden acabar sendo dous ou mesmo tres filmes sobre o tema, no que está incluído *He Fengmin*.

En *He Fengmin*, a protagonista conta a súa vida con tal seguridade que semella case unha novela, que a saiba de memoria. Como traballou con ela?

He Fengmin non está moi traballado de antemán. Eu quería facer un documental con esa muller. Uns meses antes, por outros motivos, fun moito por casa dela: xantabamos xuntos, falabamos, discutíamos, non necesariamente sobre o filme, doutras cousas. Houbo un intercambio moi grande entre os dous durante meses antes da rodaxe. Ela conta a súa historia con moita seguridade, coma se for unha novela, mais eu non a preparei para iso. Fala tan cómoda porque, ao se xubilar, comezou a escribir decote sobre o seu pasado. Escribe contos, ensaios, notas. Fixo un libro coa súa vida. Por iso cando fala, faino sobre algo que xa



O cineasta chinés Wang Bing, ás portas do Centre de Cultura Contemporània de Barcelona

está moi organizado e sobre o que xa pensou moito na súa escrita. A idea e o pensamento, cando xa foron escritos, aparecen moito máis claros. O único que fixen eu foi rexistrar as súas declaracións e transmitir as empregando outro soporte, o do cinema.

Crude Oil, unha proxección de 14 horas que estaba pensada para ser de 70, lembra algo o traballo de Andy Warhol, cando dicía que nos seus filmes a xente debería entrar e saír cando lle petase...

Polo xeral, traballo coma se traballa no cinema tradicional.




Mais o caso de *Crude Oil* foi distinto. Foi unha encomenda do Festival de Rotterdam. Pedíronme unha videoinstalación e así foi como traballei para ese filme. Non se pensou como un filme para ser proxectado en salas. Mirándoo

así si que se pode emparentar cos traballos de Andy Warhol, dende o punto de vista da súa concepción para exposicións en museos e galerías de arte. Pero o resto dos meus filmes sempre os abordo de xeito tradicional, como dicía. ■

CINERXÍAS: PROVOCAR CINE

O 1 e o 2 de xuño foi o terceiro encontro Cinergies, que xunta cineastas cataláns cos doutros territorios. Antes foron Lisandro Alonso-Albert Serra e Naomi Kawase-Isaki Lacuesta. Para o caso, fáiselles unha encomenda aos directores, que presentan un filme anterior e un traballo en estrea para o evento. Wang Bing amosou *Val feliz (Xi Yang Tang)* e Jaime Rosales *T4-Barajas Porta J50*. Bing, que non subtitulou a súa copia ("eu tampouco entendía nada do que escoitaba"), viaxou a un altiplano de Yunnan para tomar notas coa súa cámara da vida duns cativos na pobreza extrema ("vía neles algún dos meus irmáns, na miña infancia"). Rosales, porén, chantou a cámara na zona da ponte aérea do aeroporto de Madrid para armar un plano secuencia que recolle imaxe e son por separado: a imaxe capta os rostros da xente que espera e vira 360 graos aos poucos, mentres a sonidista recolle por libre o son doutras zonas do aeroporto até que o plano remata.

He Fengmin, o filme de 2007 que Wang Bing presentou nestas xornadas, ponnos nun cinema que vén dende o *Numéro zéro* (1971) de Jean Eustache, de Lanzmann, do *East of Paradise* (2006) de Lech Kowalski. Trátase de concentrar no filme os recordos que esperta a fala mediante, como se referiu Wang Bing, "o cambio de soporte". A protagonista, unha muller de idade, enfronta á cámara de Bing os seus recordos de cando xornalista en China e os efectos que tiveron nela as acusacións de "dereitosa" durante a Revolución Cultural. Canda *He Fengmin*, proxectouse *Palabras dunha revolución* (1998), unha curta sen acabar da etapa de estudante en Cuba de Rosales. En vídeo desgastado, succédense durante dez minutos murais e pintadas na Habana de hai once anos. Rosales pediulle ao filme que sirva "para volver pensar esa época en Cuba".



De arriba a abaixo, Wang Bing e Jaime Rosales no CCCB e dúas imaxes de 'Val feliz' e 'T4-Barajas Porta J50', os traballos que o chinés e o español fixeron ad hoc para o programa Cinergies do centro catalán de arte

NADIE ES PERFECTO

El huevo de la serpiente

José Luis Losa



En sus necrológicas, David Carradine se llevó puesto, además del sambenito de *Kung-Fu* y del efímero revival setentero tan bien reciclado por Tarantino en *Kill Bill*, el timbre de gloria de haber trabajado con Scorsese y Bergman. Es verdad, aunque fuera en sendos títulos que ninguno de los dos cineurgos quisiera recordar: la primeriza *Boxcar Bertha* y la intempestiva *El huevo de la serpiente*, respectivamente.

El huevo de la serpiente: es seguro que Bergman, aunque a mí su película, hoy, me sigue fascinando, se movió con incomodidad en aquel retablo histórico de la República de Weimar, la placenta del nazismo —como la de Michael Haneke que acaba de ganar en Cannes— anunciada en la frase de Brecht que dio título al filme.

El fascismo que viene: "Es como el huevo de la serpiente: a través de la fina membrana, puedes ver el reptil perfecto que se está formando", le dice un personaje a David Carradine en la película. La Europa más temida: la de un David Cameron, conservador durísimo, que va a sacar a Gran Bretaña del núcleo de la Unión Europea y, seguramente, a dinamitarla. La de Berlusconi y su pornografía seminal: no la de las *velinas*, las fotos de las parties obscenas junto a *papuchi*, todo secundario frente a su violación de las leyes, su control totalitario del *ordine nuovo* italiano, dejando, a su vera, como corderos, a los herederos de Mussolini. La de Holanda, donde el triunfo de los democristianos el jueves no enmascara que el segundo partido es la ultraderecha. La de los nazis austriacos, que subirán del 20% del voto. La de los *ustachi*, muchos de los gobiernos eslavos actuales, parientes emocionales de los que estuvieron con Hitler en el 39. Y luego, nuestro nostálgico Mayor.

Junto a la palmada en el hombro de homenaje casi póstumo que le dio Tarantino, *El huevo de la serpiente* encierra el único cine noble que hay en los más de 200 trabajos! de David Carradine. Y sobre la vigencia de esa amenaza del totalitarismo latente, aunque sea en aparente forma de farsa, con una napolitana rosa y trepadora en brazos de Berlusconi, solo hay que mirar la foto europea del próximo domingo. ●